

Regina Polín: "Teixido está tirando 24.000 euros en destrozар unha rúa" e non nas necesidades dos veciños

"Coma sempre, o Alcalde antepón os seus intereses persoais á seguridade e benestar dos veciños, gastando cartos públicos para reabrir a Rúa do Mercado e satisfacer os seus caprichos "

"Con estas obras que está empeñado en facer, que son ilegais e ás que se opoñen moitos veciños, o único que consegue é eliminar dotacións de servizos fundamentais que acometeu a Deputación e poñer en perigo a seguridade dos usuarios"

A voceira municipal socialista lamentou a actitude intolerante e "vergonzosa" do rexedor, "que pensa que o Concello é del e polo tanto pode facer e desfacer como lle parece, sen ter nunca en conta ós guitiricenses en primeiro lugar, e á lexislación en segundo"

"O único que fai coa súa actitude é tirar os cartos do Concello. Por que non destinou eses 24.000 euros a temas realmente urxentes para os veciños e non para el? É totalmente vergonzoso"

A portavoz socialista no Concello de Guitiriz e Deputada provincial pola Terra Chá, Regina Polín, denunciou a actitude do Alcalde, Xosé María Teixido, quen esta mesma semana retomaba os traballos para reabrir ó tráfico a Rúa do Mercado, destinando "24.000 euros que son de todos os veciños de Guitiriz en destrozар unha rúa". A Concelleira lamentou que "coma sempre, o Alcalde antepón os seus intereses persoais á seguridade e benestar dos veciños, gastando cartos públicos para reabrir a Rúa do Mercado e satisfacer os seus caprichos". De feito, as obras deron comezo o pasado día 24 de outubro, "por sorpresa, por que non se molestou en comunicarllo nin aos residentes ni aos negocios, que chegaron onte e se atoparon coas radiais cortando o pavimento".

Polín destacou a indignación que provoca entre o grupo municipal socialista o feito de que o rexedor guitiricense estea empeñado en facer "unhas obras ilegais ás que se opoñen os veciños", para reabrir ó tráfico esta vía, non adaptada á circulación continua de vehículos, "eliminando as dotacións de servizos fundamentais que acometeu á Deputación de Lugo e poñendo en perigo a seguridade dos usuarios"

Tal e como lembrou Polín, xa no seu momento a Deputación interpuxo un Contencioso contra o Concello de Guitiriz por acometer obras na Rúa do Mercado sen a preceptiva autorización do organismo provincial, titular da vía. O xulgado estimou o recurso decretando a paralización das obras e a reposición dos elementos arquitectónicos que retirara, xa que con estas actuacións o Concello poñía en perigo a seguridade dos usuarios da rúa. Iso non foi suficiente para que o Alcalde insistira na súa "actitude irracional e irresponsable, buscando sempre o conflito. O último no que pensa é nos veciños. Primeiro está el, logo el e finalmente el".

"Teixido ten que darse conta dunha vez de que o único que fai coa súa actitude é tirar os cartos do Concello facendo reforma sobre reforma, levantando pavimentos e dificultando o día a día dos veciños, mentres ten abandonados outros asuntos imprescindibles para a seguridade



Nota de prensa



dos veciños. É o caso do arranxo dos parques infantís; de máis dunha decena de pontes empregadas por moitos veciños do rural e incluso pola empresa máis importante do Concello; a retirada do transformador do Campo da Feira. Por que non destinou eses 24.000 euros a temas realmente urxentes para os veciños e non para el? É totalmente vergonzoso”

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

A voceira municipal socialista lamentou a actitude intolerante do rexedor, manifestada en numerosas ocasións, “que pensa que o Concello é del e polo tanto pode facer e desfacer como lle parece, sen ter nunca en conta ós guitiricenses en primeiro lugar, e á lexislación en segundo”.

Lugo, 25 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo